



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS XARDINEIROS/AS FORESTAIS (OFICIAIS DE TERCEIRA) NO CONCELLO DE VEDRA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2025) DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a provisión de dous postos de oficial de terceira de xardineiro/a forestal mediante a modalidade contractual de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, a tempo completo e cunha duración de nove meses a través do programa “APROL RURAL VEDRA 2025 (TRATAMENTOS SILVÍCOLAS E FORESTAIS)” financiado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Segunda.- Requisitos dos aspirantes.

Requisitos xerais:

- a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados aos que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente. Ademais, consonte co disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, tamén poderán acceder á praza os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo.
- d) Que non fora separado mediante expediente disciplinario do servizo na administración, nin encontrarse en situación de inhabilitación para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- e) Non incorrer en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- f) Estar inscritos como demandantes de emprego na oficina de emprego correspondente.
- g) Estar en posesión de carné de conducir B1.

Requisitos específicos:

- a) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego e reunir os requisitos establecidos no artigo 14º da Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, publicada no DOG. núm. 50 do 13 de marzo de 2025, que no punto 6 establece literalmente:

“Terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

- a) *Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.*
- b) *Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.*
- c) *Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.*
- d) *Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.*
- e) *Persoas paradas de longa duración.*
- f) *Persoas con discapacidade.*
- g) *Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego ás que tivesen dereito.*
- h) *Persoas desempregadas maiores de 45 anos.*
- i) *Persoas trans.*
- k) *Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.*

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.”

Terceira.- Presentación de solicitudes.

O concello solicitará candidatos/as para cubrir estes postos de traballo mediante a presentación da correspondente oferta na Oficina pública de emprego de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os/as candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado.

Só serán admitidos/as e poderán presentarse a este proceso os/as candidatos/as que figuren na listaxe que remita o Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello, non sendo admitido/a ningún outro/a candidato/a que non figure na citada listaxe.

Cuarta.- Publicidade.

As bases do proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro de edictos da sede electrónica e na web municipal.

Os resultados das probas, as convocatorias de exames, citacións e emplacements aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1. b) da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, podendo publicarse, se se considera axeitado na web municipal.

Quinta.- Tribunal cualificador das probas.

1.- O tribunal cualificador designado pola Alcaldía-Presidencia estará integrado, de conformidade co establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público polos seguintes membros:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

Presidente/a: funcionario ou persoal laboral fixo da Administración Pública.
Secretario/a (con voz e sen voto): o da corporación, ou funcionario que o substitúa.
1º vocal: funcionario ou persoal laboral fixo da Administración Pública.
2º vocal: funcionario ou persoal laboral fixo da Administración Pública.
3º vocal: funcionario ou persoal laboral fixo da Administración Pública.
Vocal suplente: funcionario ou persoal laboral fixo da Administración Pública.

2.- O tribunal poderá solicitar axuda de técnicos/as ou asesores/as cando o considere axeitado.

3.- O Tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus integrantes, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o secretario/a ou persoas en quen deleguen.

4.- Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusalas se concorre algunha daquelas circunstancias segundo o establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.

5.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

6.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha lista de agarda para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, en función das puntuacións obtidas.

7.- O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Sexta.- Preselección de candidatos.

As persoas aspirantes serán preseleccionadas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá lista provisional, previa oferta presentada polo Concello de Vedra.

Segundo indica a Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), os requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras serán os recollidos no artigo 14 da mencionada orde, que indica:

“Artigo 14. Requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras

1. As persoas traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos, e polas que se outorgue a subvención, deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego. Será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar que, no momento do inicio da relación laboral, a persoa seleccionada estea inscrita na oficina de emprego como demandante non ocupada e dispoñible para o emprego.

2. As persoas traballadoras con contrato por tempo indefinido fixo discontinuo, inscritas como demandantes de emprego en calquera oficina de emprego de Galicia tamén poderán ser



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, sempre que a súa contratación resulte posible en función da duración do contrato subvencionado e do contrato fixo discontinuo que teñan subscrito, así como da duración do período de non actividade.

3. As persoas traballadoras que fosen contratadas no programa Aprox rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2024. IGE).

4. As entidades beneficiarias da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados; deberá presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO), de conformidade cos seguintes principios xerais:

a) A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no número 5 ou se traten de favorecer os colectivos enumerados neste. Deberá utilizar unha linguaxe inclusiva, con especial atención na eliminación dos estereotipos de xénero, tanto na súa redacción como nas imaxes que acompañen a publicación.

b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

c) Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos á titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificados no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.

d) As entidades locais deberán presentar as ofertas, preferentemente, cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data prevista para realizar as correspondentes contratacións, na oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ou postos ofertados. Cando unha entidade dispoña de centros de traballo que se correspondan co ámbito territorial de máis dunha oficina de emprego, poderá concentrar a tramitación de todas as ofertas na oficina á que lle correspondan máis postos de traballo ofertados.

5. Recibida a oferta, realizarase unha sondaxe de demandantes en función das súas características, atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dúas nin superior a dez. A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia das remitidas.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

6. *Terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:*

a) *Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.*

b) *Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia*

c) *Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.*

d) *Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.*

e) *Persoas paradas de longa duración.*

f) *Persoas con discapacidade.*

g) *Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.*

h) *Persoas desempregadas maiores de 45 anos.*

i) *Persoas trans.*

k) *Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.*

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

8. *As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.*

9. *As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, serán resoltas pola entidade promotora.*

10. *Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, no proceso de selección*



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas; as persoas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

11. As contratacións que se realicen non poderán ter por obxecto cubrir postos de traballo vacantes na relación de postos de traballo da entidade beneficiaria.”.

Sétima.- Selección.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases coas persoas candidatas preseleccionadas e remitidos pola oficina de emprego correspondente, despois de confirmar que cada unha das persoas candidatas preseleccionadas cumpre cos requisitos establecidos na Orde de convocatoria.

A Comisión seleccionadora realizará:

PROBA PRÁCTICA: Máximo de 16 puntos

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións do posto a desenvolver en cada caso.

A comisión seleccionadora puntuará este exercicio entre 0 e 16 puntos. Este exercicio **terá carácter obrigatorio e eliminatorio**.

Para superar dita proba será preciso acadar como mínimo 8 puntos.

A duración da proba práctica decídeala comisión seleccionadora, segundo a proba que se estableza en cada caso.

As persoas aspirantes presentarán antes do día do exame o DNI e a documentación oficial que acredite que cumpren un dos requisitos establecidos na dita orde:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero (DNI e/ou documentación que acredite ser vítima de violencia de xénero)
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional (DNI, vida laboral, título ou certificado de nivel de estudos máis alto do que dispoña)
- c) Persoas paradas de longa duración (informe de situación laboral da oficina de emprego)
- d) Persoas con discapacidade (certificado de discapacidade)
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito (informe de prestacións)
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos (DNI)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou as persoas trans (documentación que acredite os ditos extremos)

h) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España (documentación que acredite dito extremo)

Oitava.- Procedemento de selección.

Remitada pola oficina de emprego correspondente a lista de candidatos preseleccionados, o Sr. Alcalde, no prazo máximo dun mes, mediante resolución aprobará a lista definitiva de admitidos que será exposta na Sede Electrónica do Concello e na web municipal, incluíndo na mesma a composición do tribunal, data, lugar e hora de celebración da baremación.

As persoas candidatas deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego ou o Concello de Vedra lles requiran, provistos do DNI.

As persoas candidatas deberán realizar unha proba práctica para optar aos postos, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

As cualificacións da proba práctica faranse públicos na Sede Electrónica e na web municipal.

Rematada a baremación, a Mesa publicará a relación de persoas seleccionadas por orde de puntuación e en ningún caso o número de persoas seleccionadas poderá exceder o número de prazas. Co resto de solicitantes non seleccionados/as establecerase unha listaxe de agarda para cubrir as posibles vacantes.

Novena.- Formalización dos contratos.

A proposta da mesa cualificadora elevarase á Alcaldía-Presidencia, para a resolución do expediente de contratación, mediante decreto, que será publicado na Sede Electrónica e na web do concello.

O contrato formalizarase coas persoas aspirantes seleccionadas.

Décima.- Norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015 e na Lei 40/2015.

Vedra, na data de sinatura dixital.